

Axenda

Tui proclama o 2008 como "Ano de Alvarez Blázquez"

27/12/2007

O Concello de Tui debate hoxe en Pleno a proposta de declaración do 2008 como "Ano de Alvarez Blázquez". Instase á creación dunha comisión organizadora coa participación de todos os partidos políticos, que se encargará da elección e organización de actos ao longo de todo o ano, coincidindo coa adicatoria do Día das Letras Galegas, á súa figura neste exercicio.

Poeta, escritor, historiador, divulgador e cronista da cidade de Vigo (entre outros moitos méritos) a figura de Xosé María recibirá por fin un merecidísimo recoñecemento nacional, segundo opina o editor Manuel Bragado.

Autor de poemarios emblemáticos como Canle segredo e Cancioneiro de Monfero (neotrobadorista), de obras narrativas en galego como A pega rabilonga e outras historias de tesouros; biógrafo de Alexandre Bóveda; editor e estudoso da obra de Martín Codax; creador das Edicións Monterrey e de Edicións Castrelos (a editora da mítica colección dos libros do Moucho); autor de La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo (un dos meus libros de cabeceira), libreiro da Librería Anticuaria, autor de Roseira do teu mencer (quizais o primeiro poemario da poesía infantil en galego) a figura moralmente hercúlea de Xosé María (pai dos escritores Xosé María, Alfonso e Celso e da pintora Berta Álvarez Cáccamo) con seguridade axudará revitalizar e a popularizar a celebración do 17M.

Na actualidade a súa obra, coa excepción da edición en Xerais de Roseira do teu mencer, dificilmente se pode atopar nas librerías. A súa obra poética galega completa está recollida nun volume que publicou Xerais nos anos oitenta (hoxe totalmente agotada). Con motivo da Biblioteca 120 de La Voz de Galicia, preparouse en Xerais unha edición de Canle segredo. Sobre a súa figura existe unha biografía, preparada polo seu fillo Alfonso, editada hai anos por Ir Indo edicións, ademais de testemuñas no libro de conversas con Darío Xohán Cabana (o poeta chairego traballou man con man con Xosé María en edicións Castrelos, sendo un dos mellores coñecedores da súa figura) que se publicará nas vindeiras semanas.

